



Núm. rexistro Xunta Galicia 24642
de 20 de abril de 2021



Estes Estatutos da asociación
Fragas do Ortegal foron aprobados
o 18 do Outono do ano 2020.

A secretaria xeral da Asociación
Asdo.: Menchu Casás Castro

Asociación "Fragas do Ortegal". Estatutos

Asociación "Fragas do Ortegal"



Estatutos

Figueiroa-Cariño, Outono de 2020



Índice

CAPÍTULO I: DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1. Denominación e natureza

Art. 2. Personalidade e capacidade

Artigo 3. Domicilio

Artigo 4. Ámbito de actuación

Artigo 5. Duración

Artigo 6. Fins

Artigo 7. Áreas da Asociación

Artigo 8. Actividades

Artigo 9. Terreos de actuación

Artigo 10. Rexistro de terreos

Artigo 11. Plantación dos terreos

Artigo 12. Xestión e uso dos terreos

CAPÍTULO II: DAS PERSOAS ASOCIADAS

SECCIÓN II.1: Das persoas asociadas.

Artigo 13. Requisitos para ser socio.

Artigo 14. Clases de persoas asociadas

SECCIÓN II.2: Outros membros da Asociación.

Artigo 15. Outros membros da Asociación.

Artigo 16. Colaboradores voluntarios.

Artigo 17. Colaboradores económicos.

SECCIÓN II.3: Solicitudes e rexistro.

Artigo 18. Solicitudes.

SECCIÓN II.4: Dos dereitos e obrigas dos asociados.

Artigo 19. Dereitos

Artigo 20. Obrigas

Artigo 21. Perda de dereitos das persoas asociadas

CAPÍTULO III: DOS ÓRGANOS DE GOBERNO DA ASOCIACIÓN

SECCIÓN III.1: ÓRGANOS DE GOBERNO

Artigo 22. Órganos de goberno da asociación

SECCIÓN III.2: XUNTA DIRECTIVA

Artigo 23. A Xunta Directiva: Composición

Artigo 24. Xunta Directiva: Reunións e acordos

Artigo 25. Facultades da Xunta Directiva

Artigo 26. Obrigas documentais

Artigo 27. Presidente/a

Artigo 28. Vicepresidente/a

Artigo 29. Secretario/a

Artigo 30. Tesoureiro

Artigo 31. Portavoz

Artigo 32. Vogais

SECCIÓN III.3: ASAMBLEA XERAL

Artigo 33. Asemblea Xeral

Artigo 34. Reunións: clases e convocatoria

Artigo 35. Constitución e quórum de convocatoria

Artigo 36. Facultades da Asemblea Xeral ordinaria

Artigo 37. Facultades da Asemblea Xeral extraordinaria

Artigo 38. Adopción de acordos

CAPÍTULO IV: RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 39. Patrimonio inicial

Artigo 40. Recursos económicos

Artigo 41. Contas anuais

Artigo 42. Destino de ingresos a fins da asociación

CAPÍTULO V: DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 43. Regulamento de réxime interno

CAPÍTULO VI: DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 44. Disolución

Artigo 45. Liquidación

Artigo 46. Destino dos elementos e bens da Asociación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

Asociación “Fragas do Ortegal”. Estatutos



Núm. rexistro Xunta Galicia 24642
de 20 de abril de 2021



Estes Estatutos da asociación
Fragas do Ortegal foron aprobados
o 18 do Outono do ano 2020.

A secretaria xeral da Asociación
Asdo.: Menchu Casás Castro




Núm. rexistro Xunta Galicia 24642
de 20 de abril de 2021



Estes Estatutos da asociación
Fragas do Ortegál foron aprobados
o 18 do Outono do ano 2020.

A secretaria xeral da Asociación
Asdo.: Menchu Casás Castro

Asociación “Fragas do Ortegál”. Estatutos



Fervenza na fraga do río Fortes (2005)

Asociación “Fragas do Ortegál” Estatutos

CAPÍTULO I: DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1. Denominación e natureza

Coa denominación de “**Fragas do Ortegál**” constitúese unha organización de natureza asociativa e sen ánimo de lucro, ao amparo do disposto no artigo 22 da Constitución Española, na Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e demais lexislación aplicable.

A Asociación “Fragas do Ortegál” é unha asociación democráticamente organizada que fai efectivos os seus os compromisos de transparencia económica e administrativa e de igualdade de dereitos e deberes entre os sus membros.

A Asociación réxese por un sistema democrático de representación dos socios que garante a universalidade, igualdade, liberdade e confidencialidade do voto.

Art. 2. Personalidade e capacidade

A Asociación constituída ten personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, poidendo realizar todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade para a que foi creada, con suxeición ao establecido no ordenamento xurídico.

Artigo 3. Domicilio

A asociación establece o seu domicilio social no edificio “O Caixón” situado no lugar de “Sobre da Gándara”, núcleo rural de Figueiroa, C.P. 15365, concello de Cariño (Coruña), correo_e:

fragasdortegal@gmail.com.



Artigo 4. Ámbito de actuación

O ámbito territorial no que a asociación vai desenvolver principalmente as súas actividades é a comarca do Ortegal e, en especial, o municipio de Cariño.

Artigo 5. Duración

A asociación constitúese por tempo indefinido e rexeráse segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

Artigo 6. Fins

1. O fin principal da asociación é a protección e recuperación do bosque tradicional do Ortegal, bosque Atlántico, e do uso natural dos terreos, cunha xestión responsable e sustentable desde o punto de vista medioambiental, reforestando zonas inertes ou actuando sobre as zonas de explotación de monocultivos.

2. Como fin complementario, que é consecuencia do anterior, será a recuperación da paisaxe multicolor dos montes tradicionais do Ortegal.

3. Son asimismo fins da asociación, que estarán entrelazados cos principais, os seguintes:

3.A.-Fins ambientais

A01.- A protección das fragas existentes, tanto de montaña como de ribeira de ríos e acantilados, así como das sebes tradicionais dos terreos.

A02.- A conservación da biodiversidade e a loita contra as plantas invasivas.

A03.- A defensa dos espazos naturais e da súa flora e fauna.

A04.- A promoción dunha política forestal baseada na conservación, rexeneración e aproveitamento sustentable dos nosos montes tradicionais.

A05.- A creación de reservas naturais para fauna e flora, facendo fincapé naquelas especies en perigo de extinción.

A06.- Control, seguimento, vixilancia das especies que habitan o noso territorio, con especial relevancia das catalogadas de interese especial, vulnerables ou en perigo de extinción, actuarase seguindo a Directiva Hábitat relativa á conservación dos hábitats naturais e da flora e fauna silvestres en Europa.

A07.- A dignificación do hábitat e das culturas rurais baseadas no uso equilibrado e racional dos recursos.

A08.- Poñer en valor a produción agroecolóxica, os recursos locais e usos e costumes tradicionais que impulsen o mantemento das comunidades rurais de maneira sustentable.

A09.- A protección e o estudo do Medio Ambiente, entendendo éste no seu sentido máis amplo.

3.B.-Fins sociais

B01.-Fomentar a relación e comunicación das persoas co seu entorno natural.

B02.- Facilitar e acercar a natureza, fauna e flora a todas as persoas.

B03.-Procurar e fomentar a participación, a solidariedade e o traballo en equipo, respectando a individualidade.

B04.- Fomentar o voluntariado ambiental.

3.C.-Fins educativos

C01.- Creación e documentación de rotas e itinerarios naturais amosando entornos naturais e paisaxísticos relevantes.

C02.- Fomentar, difundir e potenciar a Educación Ambiental, cos medios que se entendan máis adecuados para tal fin, impulsando unha conciencia social e sensibilización sobre a importancia da conservación da natureza.

C03.- Sensibilizar á sociedade civil dos fins e principios xerais da Asociación, organizando encontros, debates, reunións, actividades culturais, eventos.

3.D.-Outros fins

D01.-En xeral, cantos fins lícitos e legalmente permitidos se encadren no espírito destes estatutos e, aínda non estando explícitos nos mesmos, constitúan o seu presuposto, complemento ou consecuencia.

Artigo 7. Áreas da Asociación

Ao menos existirán as seguintes seccións ou áreas de traballo, que estarán ao cargo dos membros da directiva, xunto a cada sección indícanse algunhas das súas posibles funcións, que se poderán detallar e desenvolver no regulamento interno que se aprobe::

01. Área administrativa: Xestión dos acordos, solicitudes e escritos da Asociación, etc.

02. Área económica: Xestión de ingresos e gastos, propostas de orzamentos anuais, informes sobre existencia de fondos, etc.

03. Área de patrimonio: Xestión do inventario de bens. Xestións ante notarios e rexistradores.



Núm. rexistro Xunta Galicia 24642
de 20 de abril de 2021



Estes Estatutos da asociación
Fragas do Ortegal foron aprobados
o 18 do Outono do ano 2020.

A secretaria xeral da Asociación
Asdo.: Menchu Casás Castro



Núm. rexistro Xunta Galicia 24642
de 20 de abril de 2021



Estes Estatutos da asociación
Fragas do Ortegal foron aprobados
o 18 do Outono do ano 2020.

A secretaria xeral da Asociación
Asdo.: Menchu Casás Castro

Asociación “Fragas do Ortegal”. Estatutos

04. Área de documentación: Preparación da documentación dos expedientes dos terreos adquiridos e plantacións, e xestión do arquivo documental.

05. Área de socios: altas e baixas de socios, campañas de socios, estatística de socios, responsable da protección de datos dos socios, etc.

06. Área de páxina web, informática: funcionamento da páxina, subir documentos e información, xestión de copias de seguridade, etc.

07. Área de biodiversidade: estudo do estado ecolóxico dos terreos; creación e xestión dun viveiro con plantas endémicas, campañas de colonización de aves



Abeleiras na fraga do río Fortes (2005)

e microfauna, etc.

08. Área de plantacións: limpeza e preparación de terreos; plantacións.

09. Área de comunicación e eventos: organización de eventos, convocatorias públicas, publicidade, etc.

10. Área de publicacións: preparación e maquetación de carteis, información, estudos, etc. para a súa publicación en papel ou pdf, na páxina web. Dixitalización de libros, artigos e documentación de interese para a Sociedade.

11. Área de intendencia: Xestión de medios de locomoción, ferramentas, útiles e abastecemento nas actividades da Asociación.

12. Área de financiación de proxectos: mediante crowdfunding o micromecenazgo, campañas captación de fondos, venta de artigos, etc.

Artículo 8.- Actividades

Para o cumprimento destes fins poderanse realizar as seguintes actividades:

a) Actividades de campo para realizar a limpeza e plantacións de especies nos terreos adquiridos pola Asociación, mediante convocatoria dos socios ou pública.

b) Crear e manter actualizada unha páxina web que sexa o eixe de comunicación entre os socios e con acceso público a determinadas partes como información da asociación, calendario e resultado de actividades, información medioambiental, etc.

c) Organizar e/ou fomentar charlas, cursos, xornadas, talleres, certames, congresos, exposicións, excursións ou rotas interpretativas de natureza ou calquera outra actividade que axude a comprender e divulgar o coñecemento do entorno natural e a defensa da biodiversidade; sempre baixo as máis estritas normas éticas de respecto á natureza.

d) Crear, editar, imprimir ou publicar libros, revistas, folletos, guías, informes científicos e calquera material informativo acorde cos fins da asociación.

e) Fomentar e desenvolver proxectos de defensa da natureza e da paisaxe; de recuperación de entornos naturais; de explotación sustentable de terreos, e de interese xeral que contribúan ao progreso económico e social da zona, de forma respetuosa co medio ambiente.

f) Talleres de limpeza dos ecosistemas do impacto humano e das plantas invasivas con participación pública.

g) Subvencionar traballos de investigación acordes cos obxectivos da Asociación.

h).-Establecer intercambios, visitas e colaboracións



con Grupos Medioambientalistas, Ecoloxistas ou Conservacionistas, Comunidades Agrarias, Entidades Científicas, Administracións Públicas, Centros Educativos e outras Asociacións relacionadas coa natureza, xa sexa compartindo datos, intercambiando experiencias, realizando actividades ou denunciando agresións ao medio natural.

i) Crear encontros locais, nacionais e internacionais con outras comunidades e experiencias coa mesma filosofía, así como con persoas que vivan en contacto coa natureza.

j) Realizar, promover ou subvencionar estudos científicos recuperación da biodiversidade, da flora e fauna (catalogación, seguimento de poboacións), así como do uso sustentable dos terreos, que revirta no entorno e na poboación local.

k) Promover e/ou desenvolver calquera tipo de proxecto vinculado aos obxectivos destes estatutos.

Todas as actividades e traballos realizaranse nun marco no que se promova e defenda a igualdade, a equidade e os Dereitos Humanos, Económicos, Sociais e Culturais.

Artigo 9. Terreos de actuación.

1.- Os terreos nos que se actuará e que serán soporte das novas fragas e das actividades da Asociación poderán ser:

a) Terreos de titularidade da Asociación. Aqueles de propiedade da Asociación, adquiridos por compra, con fondos da Asociación, ou por donación por persoas, físicas ou xurídicas.

b) Terros doutros titulares. Terreos cedidos á Asociación, de forma temporal ou permanente, polos seus propietarios ou titulares, para levar a cabo os fins da Asociación.

2.- Os terreos propiedade da Asociación poderanse permutar ou ceder para un uso e un tempo determinado. Non se poderán donar nin vender agás para un fin social ou equipamento público ou para adquirir novos terreos para os fins da Asociación. En todo caso os usos non deberán seren perxudiciais para o entorno.

3.- Os terreos que se cedan á Asociación, agás causas ou proxectos xustificados, non serán por tempo inferior a 50 anos.

4.- Todas as operacións do apartado 2 anterior así como as compras unitarias superiores a un valor de 3000€, ao que se lle aplicará cada ano a variación do IPC, deberán contar coa aprobación da asemblea xeral.

Artigo 10. Rexistro de terreos

1.- Os terreos adquiriranse en escritura pública, anotarase nun rexistro específico de terreos dentro do inventario da Asociación e se inscribirán no Rexistro da Propiedade.

2.- A cada terreo se lle abrirá un expediente que conterá ao menos con:

a) Unha ficha ou pequena memoria sobre as características do terreo, na que ao menos deberase indicar: topónimo do terreo e do lugar, antigo propietario, custo, usos aos que estaba destinado, fotografías descriptivas, elementos ou especies singulares a conservar, etc.

b) Un plano coas dimensións reais do mesmo, indicando dimensións, colindantes, situación dos elementos singulares, etc.

c) Escrituras de propiedade, ou copia, cos xustificantes do pago das taxas oficiais de rexistros e compraventa.

d) Proxecto de adecuación aos usos aos que se pretende destinar.

Artigo 11. Plantación dos terreos

1.- Para a formación dos bosques e zonas naturais utilizaranse especies autóctonas, endémicas da zona, ou existentes nos bosques Atlánticos.

2.- Porén poderanse criar bosques específicos sempre que fiquen garantida a non contaminación biolóxica co entorno.

3.- Previamente á plantación deberase realizar unha proposta de ordenación



Carballreira (*quercus robur*), na fraga do río Fortes (2005)



Núm. rexistro Xunta Galicia 24642
de 20 de abril de 2021



Estes Estatutos da asociación
Fragas do Ortegal foron aprobados
o 18 do Outono do ano 2020.

A secretaria xeral da Asociación
Asdo.: Menchu Casás Castro



Núm. rexistro Xunta Galicia 24642
de 20 de abril de 2021



Estes Estatutos da asociación
Fragas do Ortegal foron aprobados
o 18 do Outono do ano 2020.



A secretaria xeral da Asociación
Asdo.: Menchu Casás Castro

Asociación “Fragas do Ortegal”. Estatutos

que se deberá reflexar nun proxecto que conteña unha memoria, acompañada dos planos necesarios, coa xustificación da proposta de adecuación.

Artigo 12. Xestión e uso dos terreos

1.- Os bosques e zonas naturais criaranse mediante a participación, colaboración e aportación voluntaria de todas as persoas que crean no proxecto. A tal fin realizarase previamente unha convocatoria pública



Érbedo (*arbutus unedo*), froito e folla, na fraga do río Fortes (2005)

buscando a concienciación da poboación, co fin de acadar a colaboración de todas as persoas sensibilizadas co medio ambiente.

2.- A cada zona de bosque criado asignaráselle un nome e, de ser o caso, a un grupo de voluntarios, co fin de que poidan ter o seu espazo e cuidalo; en ningún caso o bosque será propiedade do grupo, se non da Asociación.

3.- Cada bosque contará con ao menos un cartel que indique, ademais do nome, as súas principais características físicas e ecolóxicas.

4.- O bosque, agás en ámbitos de elevada protección, poderá conter camiños de tránsito pedestre ou en bici, non se permitirá a circulación de vehículos a motor de combustión, agás en caso de forza maior, por incendio ou outras circunstancias extremas.

7.- Poderá permitirse o uso público, incluso para romarías tradicionais, poñendo condicións de protección, de cuidado e de limpeza posterior ao evento.

8.- Poderá permitirse igualmente a recolección das froitas e fungos coas condicións que, no seu caso, se establezan.

CAPÍTULO II: DAS PERSOAS ASOCIADAS

SECCIÓN II.1: Das persoas asociadas.

Artigo 13. Requisitos para ser socio.

1. Para adquirir a condición de persoa asociada requírese ser persoa física con interese no desenvolvemento dos fins da asociación.

2. As persoas físicas deben ser maiores de idade, ou menores emancipados con capacidade de obrar, e non estar suxeitas a inhabilitación ou condición legal para o exercicio do dereito de asociación.

3. Admítense as persoas menores de máis de 14 anos, necesitando o consentimento, documentalmente acreditado, das persoas que deban suplir a súa capacidade.

4. Ademais dos anteriores requisitos será condición necesaria a aceptación e acatamento expreso dos presentes Estatutos.



Asociación “Fragas do Ortegal”. Estatutos

Artigo 14. Clases de persoas asociadas

Dentro da asociación poderán existir as seguintes clases de asociados ou asociadas:

- a.-Fundadores ou fundadoras, aquelas persoas que subscribiron a acta fundacional.
- b.-De número, aquelas persoas, que ingresaron con posterioridade á subscrición da acta fundacional. Poderá haber varias modalidades que se regularán no regulamento de réxime interno que se aprobe.
- c.-De honra, aquelas persoas que, polos seus méritos persoais ou profesionais ou por ter contribuído de xeito relevante ao desenvolvemento da asociación, sexan nomeados pola Asemblea Xeral.

SECCIÓN II.2: Outros membros da Asociación

Artigo 15. Outros membros da Asociación

1.-Consideraranse membros non socios da asociación os seguintes:

- a) Os colaboradores voluntarios.
- b) Os colaboradores económicos.

2. Estes colaboradores non poderán formar parte da xunta directiva mais sí poderán asistir ás asembleas con voz pero sen dereito a voto.

Artigo 16. Colaboradores voluntarios

Colaboradores voluntarios:

- a) A xunta directiva decidirá a súa incorporación á asociación en base aos seguintes requisitos:
 - i. Serán maiores de 14 anos. Os menores de 18 anos necesitarán o consentimento expreso das persoas que deban suplir a súa capacidade.
 - ii. Poder aportar a súa experiencia e coñecementos en calquera dos temas de interés para os fins e actividades da Asociación.
- b) Unha vez incorporados poderán asistir e participar activamente nas actividades que desenvolva a asociación.

c) Terán os deberes establecidos para os socios nos apartados a), e) e f) do artigo 20.

Artigo 17. Colaboradores económicos

Colaboradores económicos:

- a) A xunta directiva decidirá a súa incorporación en base aos seguintes requisitos:
 - i. Poderán ser persoas físicas ou xurídicas.
 - ii. Non poderán estar incurso en expedientes por contaminación ambiental ou por discriminación racial ou de xénero.
- b) Terán o dereito a figurar no apartado de colaboradores dos actos e da publicidade da Asociación, segundo as dispoñibilidades de espazo físico.

SECCIÓN II.3: Solicitudes.

Artigo 18. Solicitudes.

1. As persoas que desexen ser socios deberán presentar unha solicitude escrita, no modelo oficial que dispoñerá a Asociación, que deberá incluír ao menos os seguintes datos obrigatorios: Nome e apelidos, DNI ou pasaporte, domicilio, teléfono móbil e correo electrónico, acompañada da declaración escrita de que acepta e acata os estatutos, do consentimento do tratamento



Vista da Fraga do Faroleiro (2005)



Núm. rexistro Xunta Galicia 24642
de 20 de abril de 2021



Estes Estatutos da asociación
Fragas do Ortegal foron aprobados
o 18 do Outono do ano 2020.

A secretaria xeral da Asociación
Asdo.: Menchu Casás Castro



Núm. rexistro Xunta Galicia 24642
de 20 de abril de 2021



Estes Estatutos da asociación
Fragas do Ortegal foron aprobados
o 18 do Outono do ano 2020.

A secretaria xeral da Asociación
Asdo.: Menchu Casás Castro

Asociación “Fragas do Ortegal”. Estatutos

de datos dentro dos fins da Asociación, e de que dispón dos medios técnicos para asistir por videoconferencia ás assembleas, cando así se convoquen.

2. As solicitudes poderán presentarse e asinarse en papel ou por vía electrónica con sinatura dixital.

3. A xunta directiva, despois de analizar se se cumpren os requisitos aprobará provisionalmente a solicitude, que será ratificada na próxima assemblea xeral, o que non impide que poidan realizar funcións na asociación.

e) Acceder á documentación da asociación a través dos órganos de representación.

f) Ser oídas con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra elas e ser informadas dos feitos que deron lugar ás ditas medidas, debendo motivarse o acordo que, no seu caso, imponha a sanción.

g) Impugnar os acordos dos órganos da asociación que estime contrarios á lei ou aos estatutos.

h) A un uso adecuado dos datos persoais comunicados á Asociación, de acordo coa normativa de protección de datos.

SECCIÓN II.4: Dos dereitos e obrigas

Artigo 19. Dereitos

1. As persoas asociadas teñen os seguintes dereitos:

a) Participar nas actividades da asociación

b) Ser electoras e elixibles para os cargos dos órganos de goberno, sempre que se cumpran os requisitos necesarios destes estatutos.

c) Participar nas Assembleas con voz e voto.

d) Recibir información da composición dos órganos de goberno e representación da asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.



Olmo ou umieiro, (*ulmus minor*) na Fraga do Faroleiro (2005)

2. As persoas asociadas de honra non intervirán na dirección da asociación nin nos órganos de representación desta, pero poderán asistir ás assembleas con voz, pero sen voto.

Artigo 20. Obrigas

1.-Son obrigas das persoas asociadas:

a) Observar e cumprir os presentes estatutos e os acordos validamente



Conxunto de salgueiros (*salix fragilis*) nas beiras do río Soutullo, na Fraga do Faroleiro (2005)



Asociación “Fragas do Ortegal”. Estatutos

adoptados polos órganos de goberno e representación da asociación.

b) Pagar as cotas que de conformidade cos estatutos, se establezan.

c) Desempeñar as obrigas inherentes aos cargos para os que foron eleixidas.

d) Asistir ás asembleas e demais actos organizados pola asociación.

e) Colaborar para o maior desenvolvemento da asociación e o cumprimento dos seus fins, sen entorpecer, directa ou indirectamente, a labor da mesma.

f) Contribuír co seu comportamento ao bo nome e prestixio da asociación, sen facer uso indebido ou non autorizado do nome ou imaxe da mesma.

Artigo 21. Perda de dereitos dos asociados.

1.-A persoa asociada pode perder tal condición nos seguintes casos:

a.-Por vontade propia, que se fará efectiva mediante presentación de renuncia, por escrito ante a Xunta Directiva e dirixida á secretaría da asociación. A renuncia terá efectos desde a data da súa presentación.

b.- Por falta de pagamento de 1 cota, que será efectiva desde a notificación do acordo adoptado pola Xunta Directiva, ao interesado. A persoa que perde a súa condición de asociada por este suposto poderá ser rehabilitada na súa condición de asociada, se no prazo de tres meses desde a notificación abonase as cotas pendentes de pago.

c.-Por incumprimento dos presentes estatutos ou dos acordos validamente adoptados polos órganos da asociación, así como pola realización de accións que prexudiquen gravemente os intereses da asociación.

d.-Por estar imputados ou condenados, por calquera motivo, civil ou penal, mentras dure a condena, agás que o motivo fora a defensa dos fins da Asociación.

e.-Por falecemento da persoa física.


2.- A expulsión de asociados e asociadas nos supostos dos apartados b), c) e d) do parágrafo anterior, será acordada pola Xunta Directiva, logo da audiencia da persoa interesada. O acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral Extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer ante a xurisdición ordinaria.

3.- Non poderán ser eleixidas para órganos de dirección ou goberno nin terán dereito a voto, mais poderán seguir participando nas actividades da

asociación:

a.- As persoas asociadas que non estean ao día no pagamento das cotas sociais.

b.- As persoas que perdan a condición de asociadas.



Fervenza do río Lourido (2005)



Núm. rexistro Xunta Galicia 24642
de 20 de abril de 2021



Estes Estatutos da asociación
Fragas do Ortegal foron aprobados
o 18 do Outono do ano 2020.

A secretaria xeral da Asociación
Asdo.: Menchu Casás Castro



Núm. rexistro Xunta Galicia 24642
de 20 de abril de 2021



Estes Estatutos da asociación
Fragas do Ortegál foron aprobados
o 18 do Outono do ano 2020.


A secretaria xeral da Asociación
Asdo.: Menchu Casás Castro

Asociación “Fragas do Ortegál”. Estatutos

CAPÍTULO III: DOS ÓRGANOS DE GOBERNO DA ASOCIACIÓN

SECCIÓN III.1: ÓRGANOS DE GOBERNO

Artigo 22. Órganos de goberno da asociación



Vexetación de ribeira na fraga da Fervenza do río Lourido (2005)

Os órganos de goberno e representación da asociación son a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, que adoptarán os seus acordos de conformidade co principio maioritario ou de democracia interna.

SECCIÓN III.2: XUNTA DIRECTIVA

Artigo 23. A Xunta Directiva: Composición

1. A Xunta Directiva é o órgano de goberno e representación da Asociación, que xestiona e representa os intereses da Asociación, de acordo coas disposicións e directivas destes estatutos e da Asemblea Xeral.
2. Estará formada por un grupo directivo de como mínimo cinco persoas que ostentarán ao menos os cargos de: *president@* (representante), *vicepresident@*, *secretari@*, *tesoureir@*, *portavoz* (responsable de comunicación) e vogais. Pódese acumular a portavocía a calquera dos outros cargos, e a tesoureiría unicamente á secretaria.
3. As seccións ou áreas de traballo da Asociación, repartiranse entre os membros da Xunta Directiva, poidendo recaer varias seccións nunha soa persoa, ou varias persoas formar parte ou levar colexiadamente unha sección.
4. Agás a directiva fundacional, este grupo directivo será designado pola Asemblea Xeral entre os grupos de persoas que así o desexen.
5. Para que unha persoa física poda ser elixido para formar parte da Xunta Directiva deberá cumprir os seguintes requisitos:

5.1. Pertencer á Asociación.

5.2. Ser maior de idade.

5.3. Non pertencer como socio, directivo ou encargado de ningunha sociedade económica adicada á explotación intensiva dos montes ou que a súa actividade produza danos medioambientais e paisaxísticos, para o cal asinará a correspondente declaración xurada.

5.4. Non ostentar ningún cargo político na Administración nin en ningún partido político, para o cal asinará a correspondente declaración xurada.

5.5. Non ter concorrido nas candidaturas de ningún partido político ás eleccións, municipais, autonómicas ou estatais, nos últimos tres anos, para o cal asinará a correspondente declaración xurada.

5.6. Estar en pleno uso dos seus dereitos civís e non estar incurso en motivos de incompatibilidade legalmente establecidos.



Asociación “Fragas do Ortegal”. Estatutos

5.7. Non estar, civil ou penalmente, imputado ou condenado nos últimos tres anos, ou con condena en vigor, por calquera motivo, agás que o motivo fora a defensa dos fins da Asociación.

6. Ningún membro da directiva da Asociación poderá presentarse en ningua candidatura ou cargo político, nin participar en campañas electorais de ningún partido, durante o tempo que forme parte da Directiva.

7. A terceira parte dos membros do grupo directivo deberán ser homes ou mulleres. No caso de que esa terceira parte non sexa un número enteiro, incrementarase, unha unidade, o xénero minoritario se o resultado da relación, de dividir os membros totais entre tres, conta cunha parte decimal igual ou superior a 0,33.

8. A duración do seu mandato será de 3 anos, poidendo ser obxecto de sucesivas reeleccións.

9. Os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán desempeñados de forma gratuíta, sen prexuízo do dereito ao reembolso dos gastos debidamente xustificados en que poidan incurrir por actuacións relacionadas coa asociación.

10. Os cargos da Xunta Directiva cesarán na súa función por:

- a) Morte ou declaración de falecemento da persoa física.
- b) Incapacidade, inhabilitación ou incompatibilidade, de acordo co establecido no ordenamento xurídico e nestes estatutos.
- c) Resolución xudicial.
- d) Renuncia voluntaria.
- e) Perda da condición de persoa asociada.
- f) Incumprimento das obrigas que tiveran encomendadas.
- g) Transcorrido o período do seu mandato. Neste caso, e en tanto non se proceda á elección da nova Xunta Directiva, aquela continuará en funcións ata a designación dos novos membros

11. De producírense vacantes na Xunta Directiva, por calquera das causas establecidas, e esta seguirá tendo un número igual ou superior a cinco membros, poderase deixar a Xunta Directiva cos membros restantes, desempeñando eles provisoriamente as prazas vacantes ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral.

12. En ningún caso poderá quedar a Xunta Directiva cun número de membros inferior a cinco. Nese caso o membro ou membros restantes, desempeñando provisoriamente as prazas vacantes suficientes para o funcionamento, realizarán a convocatoria necesaria para celebrar, antes de dous meses, a Asemblea Xeral, co fin de elixir a nova Xunta Directiva.

Artigo 24. Xunta Directiva: Reunións e acordos

- 1. A Xunta Directiva será convocada pol@ president@, a iniciativa propia ou a petición de calquera dos seus compoñentes.
- 2. A convocatoria, coa orde do día, realizarase con preferencia por medios electrónicos: correo electrónico, mensaxería instantánea, etc.



Cimal da fraga da Miranda (2005)



Vista dos dous fragmentos da Fraga das Luías (2005).



Núm. rexistro Xunta Galicia 24642
de 20 de abril de 2021



Estes Estatutos da asociación
Fragas do Ortegal foron aprobados
o 18 do Outono do ano 2020.

A secretaria xeral da Asociación
Asdo.: Menchu Casás Castro



Núm. rexistro Xunta Galicia 24642
de 20 de abril de 2021



Estes Estatutos da asociación
Fragas do Ortegal foron aprobados
o 18 do Outono do ano 2020.

A secretaria xeral da Asociación
Asdo.: Menchu Casás Castro

Asociación “Fragas do Ortegal”. Estatutos

3. As reunións poderán realizarse de forma presencial ou mediante videoconferencia, sempre que, neste derradeiro caso, o secretario do órgano recoñeza a identidade das persoas, e así o exprese na acta, que remitirá por mensaxería instantánea ou correo electrónico a cada un dos concorrentes. A sesión entenderase celebrada no domicilio social

4. Para estar validamente constituída deberán estar presentes a metade máis un dos seus membros e, en todo caso, o presidente e o secretario ou as



Vexetación da fraga nas beiras do regato das Luías (2005)

persoas que os substitúan.

4. Para que os acordos da Xunta Directiva sexan válidos, deberán ser adoptados pola maioría de votos dos asistentes. Os empates serán dirimidos mediante voto de calidade do Presidente.

Artigo 25. Facultades da Xunta Directiva

A Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

- a) Programar e dirixir as actividades asociativas
- b) Levar a xestión administrativa e económica da asociación.
- c) Executar os acordos da Asemblea.
- d) Someter á aprobación da Asemblea Xeral o orzamento anual de ingresos e gastos, así como o estado de contas do ano anterior.
- e) Convocar e fixar as datas das Asembleas.
- f) Propoñerlle á Asemblea Xeral a fixación de cotas ordinarias e extraordinarias para as persoas asociadas.
- g) Designar as comisións, áreas de traballo ou seccións que se estimen oportunas para o bo funcionamento da asociación.
- h) Ditar normas interiores de organización e exercer cantas funcións non estean expresamente asignadas á Asemblea Xeral.
- i) Resolver as solicitudes de ingreso de asociados/as.
- j) Propoñer o plan de actividades da asociación á Asemblea Xeral para a súa aprobación, impulsando e dirixindo as súas tarefas.
- k) Resolver os procedementos disciplinarios que se instrúan.

Artigo 26. Obrigas documentais

1. A asociación contará cos sistemas e programas informáticos que permitan dispoñer da seguinte información, a cal, coas prevencións da protección de datos persoais sensibles, estará a disposición de todas as persoas asociadas:

- a) Relación actualizada de asociados e asociadas.
- b) Datos contables que permitan obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como das actividades realizadas. Tal contabilidade levarase de conformidade coa normativa específica que resulte de aplicación.
- c) Inventario dos bens da Asociación.
- d) Actas das reunións dos seus órganos de goberno e representación.



Asociación “Fragas do Ortegal”. Estatutos

2. Os sistemas informáticos permitirán imprimir os datos de aquela información que, por motivos legais, deba estar en papel.
3. Entre tanto non se dispoñan dos sistemas informáticos adecuados a información indicada no apartado primeiro pode estar en papel.

Artigo 27. Presidente/a

A persoa que ostenta a presidencia terá as seguintes atribucións:

- a) Representar legalmente á asociación perante calquera organismo público ou privado.
- b) Convocar e presidir as sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dirixir as deliberacións dunha e outra, e decidir con voto de calidade os casos de empate de votos.
- c) Ordenar a execución dos acordos adoptados pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral.
- d) Ordenar os pagamentos acordados validamente.
- e) Asinar as actas, certificados, pagamentos e outros documentos da asociación xunto coa persoa que ostenta a secretaría ou membro da Xunta Directiva a quen lle corresponda a elaboración do documento de que se trate.

Artigo 28. Vicepresidente/a

A persoa que ostente a vicepresidencia realizará as funcións da presidencia nos casos de ausencia ou enfermidade, podendo tamén actuar en representación da asociación nos supostos en que así se acorde pola Xunta Directiva ou pola Asemblea Xeral.

Artigo 29. Secretario/a

1. A persoa que ostenta a secretaría terá as seguintes atribucións:

- a) Tramitar as solicitudes de ingreso na asociación e formalizar as inscricións de altas e baixas das persoas asociadas.
- b) Dirixir as actividades sociais e a administración da asociación.
- c) Formalizar as convocatorias de reunión por orde da presidencia e redactar as actas correspondentes
- d) Expedir certificacións dos acordos co visto e praxe do/a presidente/a, así como emitir informes.

- e) Redactar o inventario de bens da asociación.
- f) Custodia do arquivo de libros e documentos da asociación.
- g) Cumprir coas demais obrigas documentais nos termos que legalmente corresponda.

2. A persoa que ostenta a secretaría, nos casos de ausencia ou enfermidade, será substituída por outro membro da Xunta Directiva designado pola persoa



Exemplar e folia de carballo (neste caso *quercus pyrenaica*)
na fraga das Luías (2005)



Núm. rexistro Xunta Galicia 24642
de 20 de abril de 2021



Estes Estatutos da asociación
Fragas do Ortegal foron aprobados
o 18 do Outono do ano 2020.

A secretaria xeral da Asociación
Asdo.: Menchu Casás Castro



Núm. rexistro Xunta Galicia 24642
de 20 de abril de 2021



Estes Estatutos da asociación
Fragas do Ortegal foron aprobados
o 18 do Outono do ano 2020.

A secretaria xeral da Asociación
Asdo.: Menchu Casás Castro

Asociación “Fragas do Ortegal”. Estatutos

que ostenta a Presidencia.

Artigo 30. Tesoureiro/a

1. A persoa que ostenta a tesourería terá as seguintes atribucións:

- a) Recadar e custodiar os fondos pertencentes á asociación, custodialos e investilos na forma acordada pola Xunta Directiva e a Asemblea Xeral
- b) Intervir coa súa sinatura todos os documentos de cobros e pagos co visto e conforme da presidencia



Acivros (*ilex aquifolium*) na fraga das Luías (2005)

c) Dar cumprimento ás ordes de pagamento que expida a persoa que ostenta a presidencia.

d) Elaboración do anteproxecto de orzamentos para a súa aprobación

e) Levar os libros de contabilidade da asociación e elaborar as contas anuais para a súa aprobación pola Asemblea

f) Calquera outras funcións propias de tesourería como a responsabilidade da xestión económico financeira da asociación.

Artigo 31. Portavoz, responsable de comunicación

1. A persoa que ostenta a portavocía terá as seguintes atribucións:

a) Realizar os comunicados verbais segundo o acordado pola Asociación, sempre que non sexan cometido do Presidente.

b) Enviar os comunicados por escrito aos diarios e revistas de interese.

c) Facer as presentacións ou os comunicados, en substitución do Presidente, en charlas, ponencias, convocatorias, etc.

d) Todos aqueles cometidos de relacións públicas que se acorden.

Artigo 32. Vogais

Os demais membros da Xunta Directiva, terán as obrigas propias do seu cargo, segundo a sección á que estean adscritos, e aquelas outras que lles sexan encomendadas, dentro dos fins da Asociación.

SECCIÓN III.3: ASAMBLEA XERAL

Artigo 33. Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno da asociación e está integrada por todas as persoas asociadas.

Artigo 34. Reunións: clases e convocatoria

1. As reunións da Asemblea Xeral poden ser ordinarias ou extraordinarias.

A reunión ordinaria celebrarase como mínimo unha vez ao ano dentro dos catro meses seguintes ao peche do exercicio económico.

As reunións extraordinarias celebraranse cando as circunstancias o aconsellen, tantas veces o acorde a Xunta Directiva ou cando o soliciten por escrito o 10% das persoas asociadas.

2. As convocatorias realizaranse por correo electrónico, mensaxería

Asociación “Fragas do Ortegal”. Estatutos

instantánea ou colgándoas na páxina web da asociación, sinalando o lugar, no caso de que sexa presencial, día e hora da reunión, así como a orde do día. Entre a publicación ou notificación da convocatoria e a data da celebración da asemblea, en primeira convocatoria, debe mediar como mínimo un prazo de quince días naturais.

3. As reunións poderán realizarse de forma presencial ou mediante videoconferencia, sempre que, neste derradeiro caso, o secretario do órgano recoñeza a identidade dos socios, ou das persoas a quenes representen, e así o exprese na acta, que remitirá por mensaxería instantánea ou correo electrónico a cada un dos concorrentes. A sesión entenderase celebrada no domicilio social.

4. A documentación e información sobre as materias incluídas na orde do día, estará a disposición das persoas asociadas na secretaría da asociación ou na páxina web, cunha antelación mínima de quince días naturais á celebración da Asemblea.



Vista xeral da fraga do Cabaneiro (2005)



Artigo 35. Constitución e quórum de convocatoria

As Asembleas Xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas sempre que concorran un terzo das persoas asociadas presentes ou representadas, na primeira convocatoria ou, transcorrida media hora, en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes con dereito a voto.

En todo caso, terán que estar presentes as persoas que ostentan a presidencia e a secretaría ou persoas que as substitúan.

Artigo 36. Facultades da Asemblea Xeral ordinaria

Serán competencias da Asemblea Xeral ordinaria:

- Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior.
- Aprobar os orzamentos de ingresos e gastos para cada exercicio, e o plan de actividades.



Curso do río do Cabaneiro (2005)



Núm. rexistro Xunta Galicia 24642
de 20 de abril de 2021



Estes Estatutos da asociación
Fragas do Ortegal foron aprobados
o 18 do Outono do ano 2020.

A secretaria xeral da Asociación
Asdo.: Menchu Casás Castro



Núm. rexistro Xunta Galicia 24642
de 20 de abril de 2021



Estes Estatutos da asociación
Fragas do Ortegal foron aprobados
o 18 do Outono do ano 2020.

A secretaria xeral da Asociación
Asdo.: Menchu Casás Castro

Asociación “Fragas do Ortegal”. Estatutos

- c) Examinar e aprobar as cotas das persoas asociadas, a proposta da Xunta Directiva.
- d) Elixir e cesar as persoas integrantes da Xunta Directiva.
- e) Aprobar a incorporación a unha federación, ou á separación dela.
- f) Solicitar a declaración de utilidade pública da asociación.
- g) Solicitar créditos, que serán asinados polo Presidente e o Secretario ou o Tesoureiro, ou persoas en quén deleguen.

Artigo 37. Facultades da Asemblea Xeral extraordinaria

Serán competencias da Asemblea Xeral extraordinaria:

- a) Modificar os estatutos da asociación, incluído a muda de domicilio.
- b) Acordar a transformación da asociación.
- c) Acordar a fusión da asociación.
- d) Acordar a disolución da asociación e designar as persoas liquidadoras.
- e) As que sendo competencia da Asemblea Xeral Ordinaria, por razóns de urxencia ou necesidade, non poidan agardar a súa convocatoria.
- f) Todas as non conferidas expresamente á Asemblea Xeral ordinaria ou á Xunta Directiva.

Artigo 38. Adopción de acordos

- 1. Os acordos da Asemblea Xeral adoptaranse por maioría simple das persoas



Vista xeral da fraga de Zarza (2005)

presentes ou representadas, cando os votos afirmativos superen aos negativos, non sendo computables a estes efectos os votos nulos, en branco nin as abstencións.

2. Será necesaria a maioría absoluta dos votos emitidos, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade das persoas presentes ou representadas, para adoptar os seguintes acordos:

- a) Designación de membros da Xunta Directiva
- b) Acordo para constituír federacións e para integrarse ou separarse delas
- c) Modificación dos Estatutos no referido unicamente á muda do domicilio social da Asociación dentro do municipio de Cariño..
- d) Permuta ou alleamento de bens.
- e) Adquisicións de bens por contía unitaria superior á indicada no artigo 9.4.

3. Será necesaria a maioría cualificada, que se entenderá cando o número de votos afirmativos sexa igual ou superior aos 2/3 do número de persoas presentes, ou representadas, con dereito a voto, debendo ser o número destas persoas superior ao 50% dos socios, para adoptar os seguintes acordos:



Interior da fraga de Zarza (2005),
dominado principalmente por abeleiras e carballos.



Asociación “Fragas do Ortegal”. Estatutos

- a) Modificación dos presentes estatutos, agás o domicilio social dentro do municipio de Cariño.
- b) Disolución da Asociación e designar as persoas liquidadoras.
- c) Transformación da Asociación.
- d) Fusión da Asociación.

4. Os acordos adoptados conforme aos preceptos anteriores obrigarán a todas as persoas asociadas, incluso ás non asistentes.

CAPÍTULO IV: RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 39. Patrimonio inicial

A asociación no momento de iniciar a súa actividade dispón dun patrimonio de cero euros. O peche do exercicio económico coincidirá co ano natural, e terá lugar o día 31 de decembro de cada ano.

Artigo 40. Recursos económicos

A asociación manterase dos seguintes recursos:

- a) As cotas periódicas das persoas asociadas.
- b) As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e sexan aprobadas pola Asemblea Xeral.
- c) As doazóns ou subvencións que poidan conceder asociacións, órganos públicos ou entidades privadas ou particulares.
- d) Os ingresos que se poidan recibir polo desenvolvemento das actividades da asociación.
- e) Micromecenazgo para proxectos determinados.
- f) Calquera outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

Artigo 41. Contas anuais

1. Anualmente, con referencia ao último día do exercicio económico, elaboraranse as contas anuais, expresivas da situación patrimonial e contable da asociación, así como unha memoria das actividades realizadas. Esta documentación estará a disposición das persoas asociadas, durante un prazo non inferior a 15 días ao sinalado para a súa aprobación en Asemblea.
2. A Xunta directiva levará os correspondentes libros de contabilidade, que

permitan obter unha imaxe fiel do patrimonio, o resultado e a situación financeira da asociación.

Artigo 42. Destino de ingresos a fins da asociación

Como entidade sen ánimo de lucro, os beneficios obtidos derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, destinaranse exclusivamente ao cumprimento dos fins da asociación. En



Exemplar de carballo albar (*quercus petraea*) nas proximidades da fraga de Zarza (2005)



Núm. rexistro Xunta Galicia 24642
de 20 de abril de 2021



Estes Estatutos da asociación
Fragas do Ortegal foron aprobados
o 18 do Outono do ano 2020.

A secretaria xeral da Asociación
Asdo.: Menchu Casás Castro



Núm. rexistro Xunta Galicia 24642
de 20 de abril de 2021



Estes Estatutos da asociación
Fragas do Ortegal foron aprobados
o 18 do Outono do ano 2020.

A secretaria xeral da Asociación
Asdo.: Menchu Casás Castro

Asociación “Fragas do Ortegal”. Estatutos

ningún caso, estes beneficios poderán ser repartidos entre as persoas asociadas ou calquera outra persoa física ou xurídica con interese lucrativo.

CAPÍTULO V: DO REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO

Artigo 43. Regulamento xeral de réxime interno

Por acordo da Asemblea Xeral pode aprobarse un regulamento de réxime



Exemplar e follas de bidueiro (betula alba) na da fraga de Zarza (2005)

interno, que desenvolverá aquelas materias non contempladas directamente nestes estatutos.

O funcionamento interno da asociación estará sometido ao ordenamento xurisdiccional civil.

CAPÍTULO VI: DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 44. Disolución

A asociación disolverase polas seguintes causas:

- a) Por acordo adoptado por maioría cualificada en asemblea xeral extraordinaria.
- b) Polas causas que se determinan no art. 39 do Código Civil.
- c) Por sentenza xudicial firme.
- d) Polas demais causas que se determinen nos presentes estatutos.

Artigo 45. Liquidación

- 1.- Acordada a disolución da asociación, ábrese o período de liquidación, ata o fin do cal a entidade conservará a súa persoalidade xurídica.
- 2.- Os membros da xunta directiva, existente no momento da disolución, convértense en liquidadores, salvo designación expresa de liquidadores pola asemblea xeral ou por autoridade competente.
- 3.- Corresponde aos liquidadores:
 - a) Velar pola integridade do patrimonio da asociación.
 - b) Concluir as operacións pendentes e efectuar as novas que sexan precisas para a liquidación.
 - c) Cobrar os créditos da Asociación.
 - d) Liquidar o patrimonio e pagar os acredores.
 - e) Destinar o haber resultante da liquidación aos fins previstos no acordo de disolución ou nos estatutos, que non desvirtúen a súa natureza non lucrativa.
 - f) Solicitar a baixa da asociación e cancelación de asentos rexistrais.
- 4.- Á solicitude de inscrición da disolución da asociación no rexistro acompañarase do xustificante acreditativo do destino dos bens resultantes da liquidación.

Asociación “Fragas do Ortegal”. Estatutos

Artigo 46. Destino dos elementos e bens da Asociación.

1.- Nas actuacións contempladas no presente artigo velarase para que se manteña a integridade física e comunitaria do patrimonio da Asociación, así como que non se desvirtúe o seu carácter non lucrativo.

2.- Sempre que a Asociación teña débedas e non haxa líquido para pagalas os bens deberán usarse para liquidar ditas débedas. As vendas dos mesmos realizaranse en pública subhasta.

3.- Os libros de actas, de socios, de contabilidade e inventario, tanto dixitais como en papel, entregaranse ao arquivo municipal preferentemente, ou a un arquivo histórico comarcal, provincial ou de Galicia, para que sirva para posibles futuros estudos.

4.- Unha vez liquidadas as débedas e segundo o tipo dos bens existentes propiedade da asociación, na liquidación se lles dará o seguinte destino:

4.a) Terreos: Os terreos, coas plantacións e elementos neles ubicados, donaranse por orde de preferencia a:

a.1.) Asociacións medioambientalistas e sen ánimo de lucro do municipio no que estean situados.

a.2.) Asociacións veciñais, culturais ou recreativas, do municipio no que

estean situados os terreos, cuxos fins se aproximen máis á presente Asociación.

a.3.) Ao concello do municipio no que estean situados.

4.b) Terreos: En ningún caso, no proceso de liquidación, os terreos poderanse donar a particulares ou empresas, nin vender, agás polo motivo indicado no apartado 2 anterior.

4.c) Mobiliario, fondos documentais non oficiais, libros revistas, etc e outros bens da asociación: Detallase o seu destino no acordo de disolución aínda que, de ser posible, preferentemente donaranse de acordo co apartado 4.a anterior.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non estea previsto nos presentes Estatutos aplicárase a Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e demais disposicións complementarias.

En Figueiroa, Cariño, a 18 do Outono de 2020



Curso medio do río Seixo (2005)



Curso medio do río Lourido (2005)



Núm. rexistro Xunta Galicia 24642
de 20 de abril de 2021



Estes Estatutos da asociación
Fragas do Ortegal foron aprobados
o 18 do Outono do ano 2020.

A secretaria xeral da Asociación
Asdo.: Menchu Casás Castro



Núm. rexistro Xunta Galicia 24642
de 20 de abril de 2021



Estes Estatutos da asociación
Fragas do Ortegál foron aprobados
o 18 do Outono do ano 2020.

A secretaria xeral da Asociación
Asdo.: Menchu Casás Castro

Asociación “Fragas do Ortegál”. Estatutos



Amieiros na beira do río Seixo (2005)

Redacción:

Directiva fundacional da asociación “Fragas do Ortegál”

Fotografías: Alberto Durán

Edición e maquetación: Fernando Fraguela

Foto de portada: Fraga de ribeira do río Chancela

Fotos contraportada:

Curso medio-alto do río Seixo (2005).

Sobreira (alcornoque, quercus suber) en Cariño (2005).



Salgueiros próximos ao río Murela(2005)

Asociación “Fragas do Ortegal”



Figueiroa-Cariño, Outono de 2020



Núm. rexistro Xunta Galicia 24642
de 20 de abril de 2021



Estes Estatutos da asociación
Fragas do Ortegal foron aprobados
o 18 do Outono do ano 2020.

A secretaria xeral da Asociación
Asdo.: Menchu Casás Castro